



ANPA COLEXIO “A PAZ” TINTUREIRA

anpatintureira@hotmail.com

662 033 385

Benqueridas familias:

Antes de nada, O ANPA do Colexio “A Paz – Tintureira” quere darvos a benvida a este novo curso escolar **2022/23**, esperamos que todos sigades ben e que puiderades desfrutar do verán.

Imos aproveitar a ocasión para presentarnos. A ANPA no colexio cumpre unha función moi importante dentro do centro. Serve de intermediaria entre o centro e as familias, representa as nais/pais no consello escolar do centro, organiza actividades abertas a todos os socios tanto extraescolares como de axuda e participación no propio centro, xestiona o servizo de madrugadores e axuda en todo o posible a mellorar o noso cole.

VANTAXES DE SER SOCIO:

- Participación nas actividades extraescolares e madrugadores con desconto
- Desconto noutras actividades e eventos/excursións, e posibles axudas para excursións, etc.
- Organización de festas especiais para socios (Nadal e fin de curso) e outras actividades culturais.
- Agasallos na gradación de 6º de Primaria e no Nadal
- Plataforma de apoio ante instancias educativas e organización de actividades de defensa do ensino, condicións educativas, mobilizacións, etc.

Como facerse socio:

RENOVACIÓN ANTIGUOS SOCIOS

1º- Entrar na APP de Tokapp a través do móbil.

2º- Ir ao apartado de extraescolares e dentro seleccionar alumnos. Unha vez dentro modificar e completar e/ou actualizar os datos solicitados de cada neno (curso, alerxias, teléfonos, etc..) Se aparece algún rapaz dado de alta que xa nos está no cole, por favor dalo de baixa.

3º - Volver ao menú anterior e seleccionar “Contratar actividades”

- Se o nen@ anotase nalgunha actividade, non é necesario darse de alta como socio, nin no seguro, xa que a alta será automática xunto coa a actividade.
- Se soamente queredes darvos de alta como socios, sen asistir a ningunha actividade, seleccionar soamente alta de socio.

NOVAS ALTAS DE SOCIOS

Enviar whatsapp ou correo electrónico a ANPA nos datos facilitados, indicando a intención de querer ser socios co nome e apelidos do neno e curso, e recibiredes un pdf coas instrucións a seguir paso a paso de como debes facer para instalar o Tokapp

IMPORTE SOCIO: 15 € / ano/ familia - SEGURO: 5€ /neno/ano (Soamente para algunha das actividades)

PRAZO para facerse socio ata o venres **25 de novembro de 2022**

Comunicación coa ANPA durante curso

- A través do teléfono **662 033 385** e dos grupos de Whatsapp que se crearan por cursos (soamente para os socios do anpa)
- A través do correo electrónico: anpatintureira@hotmail.com
- A través da páxina de Facebook **“Anpa Tintureira Ceip A Paz”** na que iremos subindo información e comunicados xerais.
- Horario de atención na oficina: todos os **venres de 9.15 a 9:45**
- **MOI IMPORTANTE:** Todas as comunicacións e/ou consultas derivadas de temas a tratar coa ANPA soamente serán xestionadas a través dos medios anteriormente descritos. Rógase encarecidamente non facelo a través dos teléfonos privados dos membros da ANPA.

Servizo de Madrugadores

O **Servizo de Madrugadores** esta dispoñible soamente para os **nenos socios da ANPA**. É obrigatorio estar dado de alta no seguro (por neno/anual - 5 €)

Monitora: Rebeca

Horario: de 7:45 a 9.15

Material: Ningún.

Ofrécese:

- almuerzo opcional, variado e saudábel. (soamente ata as 8:30 h)
- actividades lúdicas con temática estacional.

Os nenos poden asistir de forma continuada ou en días soltos, sempre e cando sexa comunicado con anterioridade a ANPA ou á monitora, e sempre temos que ter una mínima información do neno. Así que se alguén quere facer uso deste servizo, debe solicitar e cubrir a ficha de inscrición á monitora de madrugadores.

Prezos ao mes por neno:			
Con Almorzo:		Sen Almorzo:	
Medio mes	27 €	Medio mes	20 €
Mes completo	42 €	Mes completo	30 €
Mes completo (Familia numerosa)	37 €	Mes completo (Familia numerosa)	25 €
Días soltos	5 €/día	Días soltos	4 €/día
		Entrada a partir das 8:55 h.	8 €/mes

Para poder asistir debes **enviarnos un whatsapp** ao número da ANPA 662033385 indicando o **nome e apelidos do neno/a, o curso no que está matriculado e que horario e servizo vai necesitar.**

O pago realizarase a través de transferencia bancaria a conta do ANPA:

(Banco Santander: **ES84 0049 0170 5422 1026 4931**), indicando o nome e apelidos do neno e o curso

Actividades extraescolares

A partir do vindeiro mes de outubro comezan as actividades extraescolares. Somos conscientes que ditas actividades non só completan a formación dos nenos e potencian a formación en valores, senón que tamén axudan a compatibilizar a vida familiar e laboral das familias, fomentan o traballo en equipo, a creatividade e o aproveitamento do tempo libre, aprendendo dunha forma máis lúdica e participativa.

O desenvolvemento das actividades ofertadas levarase a cabo sempre e cando exista un número mínimo de alumnos por actividade, marcado polos monitores das propias actividades. Durante o curso, por mor das baixas, pódese anular a actividade.

Para manter o equilibrio e, por motivos de organización, as baixas das actividades deberán de ser comunicadas sempre antes do día 25 do mes anterior.

NORMAS IMPORTANTES PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

- Ningún neno pode facer uso do servizo de madrugadores, nin das actividades extraescolares con débedas pendentes na ANPA.
- Para participar nas actividades extraescolares ou facer uso do servizo de madrugadores é imprescindible ser socio, pagar o seguro escolar (5€ /ano/neno) e notificalo previamente na ANPA
- **Compromiso de mantemento durante o trimestre.** A inscrición nunha actividade esixe a participación continua durante un trimestre completo. No caso de baixa, debe abonarse o trimestre completo igualmente. As baixas deberán **comunicarse sempre directamente ao ANPA.** (As baixas comunicadas aos profesores das actividades non serán baixas efectivas)
- **Gardas:** A participación nas actividades implica a **realización obrigatoria dalgunha garda** durante o curso no horario das actividades (máximo unha por trimestre/familia) , que será comunicada e concretada previamente coa ANPA. A negativa reiterada a facer ditas gardas pode ser causa de baixa nas actividades
- Os pagos realizaranse durante a **primeira semana do mes** correspondente, e faranse a través da plataforma TokAPP dende o móbil, excepto a actividade de piscina e o servizo de madrugadores que faranse a través de transferencia bancaria a conta do ANPA. E a actividade de Surf que págase directamente a DACSS Patos.
- O impago de dous meses consecutivos supón a baixa inmediata da actividade, salvo aviso por anticipado ao ANPA.
- Para inscribirse nas actividades extraescolares e poder formar os grupos das actividades débese estar rexistrado na plataforma e ter cuberto todos os datos solicitados antes do día **28 de setembro.**
- Comezo das actividades: Luns **3 de outubro**

O incumprimento de calquera destas normas pode levar consigo a baixa do socio.

Descrición das actividades extraescolares:

Todas estas actividades impartiranse dentro do centro escolar CEIP A Paz - Tintureira

Taekwondo: actividade orientada a nenos/as na que se pretende realizar un deporte que a súa vez apórtalles beneficios en varios ámbitos fundamentais, tanto para o desenrolo psicomotriz como cognitivo. A práctica deste arte marcial proporciona aos nenos un bo desenrolo das súas capacidades psicomotoras e contribúe a súa formación para a vida, xa que se basa nos principios de integridade, perseverancia, autocontrol e espírito indomable.

Dirixida a: Nenos/as a partir de 5 anos

Cando: Luns de 16:00h a 17:00h.

Importe mensual: 18 €

Teatro: Taller de teatro dirixido a iniciar a os nenos no mundo da interpretación e todo o que iso leva consigo: memorización dos diálogos, preparación dos vestiarios e escenarios, modular a voz, enfrontarse ós medos.

Dirixida a: Educación Infantil e Primaria.

Cando: Luns de 16:00h a 17:00h.

Importe mensual: 18 €

Tenis: Deporte que ten moitos efectos positivos sobre os rapaces en diversos aspectos. Debido a gran cantidade de movementos que se realizan durante as clases, mellora a coordinación e a resistencia. Tamén entrenarán a súa forza e velocidade e, grazas ao contacto cos demais rapaces, axuda coas habilidades sociais.

Esta actividade está xestionada e subvencionada a través da Federación Galega de Tenis e en colaboración coa Secretaría Xeral do Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade polo que polo de agora a actividade e de balde. A duración total deste Plan de Corresponsables é de 6 meses, dende o mes de xuño (no que empezamos) ata o mes de novembro, momento no que a actividade pasará a ser xestionada pola ANPA, no caso de que se forme grupo de nenos, e haberá que facerse cargo dunha cuota mensual ao igual que nas demais actividades.

Dirixida a: Educación Infantil e Primaria.

Cando: Luns e venres de 17:00h a 18:00h. / e de 18:00 a 19:00 (grupos reducidos)

Importe mensual: de balde ata novembro. Logo comunicárase a cuota mensual en caso de formar grupo

Multideporte: Esta actividade vai dirixida a aqueles que desexen comezar a tomar contacto cós deportes de equipo e medir as cualidades persoais de cada un.

Dirixida a: Educación Infantil e Primaria.

Cando: Martes e xoves de 16:00h a 17:00h.

Importe mensual: 1 día/semán – 12 €

2 días/semán – 20 €

Pintura: Nesta actividade os nenos desenrolan a súa creatividade e habilidade sobre o papel e teñen o primeiro contacto coa arte e a súa expresión. Traballase a aproximación á linguaxe do debuxo e a pintura, a través do contacto cas técnicas e os materiais, e a comprensión e desenvolvemento da actividade artística de cada idade, espertando a imaxinación a través dun traballo lúdico.

Dirixida a: Educación Infantil e Primaria.

Cando: martes de 16:00h a 17:30h.

Importe mensual: 18 €

Robótica - LEGO Robotix®: Nesta actividade foméntase da forma máis divertida a ciencia e a tecnoloxía, experimentando coa forza e o movemento, o equilibrio e a estabilidade. Aprenderán os principios matemáticos básicos de programación espacial dunha forma sinxela e divertida mediante os recursos de LEGO® Education®, potenciando desta maneira a creatividade, a innovación, o emprendemento e a eficiencia. Tamén experimentan como a ciencia cobra vida con proxectos do mundo real, incluíndo a tecnoloxía e a programación básica. Construirán modelos con engrenaxes, rodas, eixes, pancas e poleas e desenvolverán habilidades científicas de investigación. Esta actividade aumenta a confianza dos participantes para definir os problemas e deseñar súas propias solucións, con súas propias mans e as súas mentes.

Dirixida a: Educación Infantil e Primaria.

Cando: martes de 16:00h a 17:30h.

Importe mensual: 25 €

Patínaxe: Unha actividade recreativa que axuda a desenvolver o equilibrio e a harmonía corporal. Fai deporte deslizando sobre rodas.

Dirixida a: Nenos/as a partir de 4 anos.

Cando: mércores de 16:00h a 17:30h.

Importe mensual: 18 €

Cociña: Actividade que introduce ó neno no mundo da cociña, tan necesaria para ó futuro. Ensínanse normas básicas como lavarse sempre as mans, recoller o pelo, usar mandil... Se levarán a casa o que no podan merendar y una copia da receita. Materiais e ingredientes incluídos.

Dirixida a: Nenos/as a partir de 4 anos.

Cando: mércores de 16:00h a 17:30h.

Importe mensual: 17 € + 5 € para os ingredientes

Bright Minds: Esta é a nova actividade de estimulación e desenvolvemento adaptada especificamente a etapa de educación infantil, que fomenta o gusto por aprender intuitivamente xogando, tanto mental, como fisicamente, estimulando simultaneamente múltiples intelixencias que permiten o seu desenvolvemento de maneira integral e o desenvolvemento do potencial do neno. Isto implica educalos en todos os ámbitos: educación emocional, musical, lóxico-matemática e lingüística, espacial-visual, motriz, e no coñecemento do medio que lles rodea, respectando sempre os diferentes ritmos de aprendizaxe e tendo en conta as súas características, motivacións e intereses.

Actividade impartida parcialmente en inglés.

Dirixida a: Educación Infantil

Cando: xoves de 16:00h a 17:00h.

Importe mensual: 18 €

Fútbol sala: Consiste nunha actividade san e divertida onde o alumno desenvola un comportamento cooperativo tanto dentro como fora do campo de xogo, fomentando o respecto polos demais compañeiros ademais de adquirir un maior dominio técnico e táctico do xogo.

Dirixida a: Educación Infantil e Primaria.

Cando: venres de 16:00h a 17:00h.

Importe mensual: 12 €

Baile moderno: A actividade ten como obxectivo que os nen@s poidan mellorar a súa coordinación, aprender os bailes creados pola profesora e incluso inventar seus propios bailes. Pero sobre todo, o que se pretende é que aprendan a gozar do baile.

Dirixida a: Educación Infantil e Primaria.

Cando: venres de 16:00h a 17:30h.

Importe mensual: 18 €

Actividades impartidas fora do centro escolar.

Natación: Deporte completo e divertido que se realiza nas piscinas municipais de Travesas, Valadares, e Lavadores.

O nenos que xa tiñan praza de piscina o ano pasado, manteñen a praza no mesmo día e horario e deben confirmala e **cubrir a ficha** antes do día **26 de setembro** (poñédevos en contacto con nós a través do whatsapp da ANPA). Para solicitar **novas prazas** ou cambios nos horarios tedes que poñervos en contacto coa ANPA e anotarvos nunha lista de solicitude indicando día e horario que queredes. Para a entrega de prazas libres terán preferencia os que teñan irmáns xa no mesmo horario e despois será por orde de inscrición na ANPA.

Importe Cuatrimestre (de outubro a xaneiro): 31 €/neno

O importe do segundo cuatrimestre será comunicado en xaneiro cando no o notifiquen dende as piscina municipal.

Pago a través de transferencia bancaria a conta do ANPA:

(Banco Santander: **ES84 0049 0170 5422 1026 4931**), indicando o nome e apelidos do neno e o curso

Surf: Coa colaboración da escola de surf **DACSS Patos** (situada na Praia de patos en Nigrán) estamos a ofrecer a posibilidade de que os nosos nenos poidan coñecer outro tipo de deportes. Dacss é un centro educacional e deportivo cunha oferta moi innovadora e cunhas instalacións perfectamente equipadas para levar a cabo todas as súas actividades durante todo o ano. Contan con todo o material de boa calidade e monitores con gran experiencia para formar novos surfistas. Cumpren con todas as normativas vixentes como licencias federativas e seguros RC privados. O curso de surf adaptase a niveles de iniciación ou perfeccionamento, con diferentes horarios a elixir. Todo o material necesario esta incluído (neopreno, táboa, licra..). Docencia personalizada (máximo 6 alumnos / monitor).

Non é necesaria experiencia previa.

- Os nenos que estén interesados en participar nesta actividade deben poñerse en contacto con nós a través do whatsapp da ANPA para solicitar prazas, para informarnos do funcionamento da actividade e confirmar os días e os horarios dispoñibles.

Dirixida a: Educación Primaria.

Cando: luns 16:30 h. Se queredes outro horario contactar con nós para concretar día e hora. Clases de 1h e media,

Importe mensual: 50€ +10 € de seguro/ano (págase directamente a DACSS Patos) (o prezo inclúe 4 clases ao mes)

Recibide un cordial saúdo
A Xunta Directiva